



XOVES, 16 DE MAIO DE 2024 | JUEVES, 16 DE MAYO DE 2024 | BOP NÚMERO 95

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILARMAIOR

Secretaría - Intervención

Información pública padrón fiscal taxa servizo subministro de auga e canon da auga 1º trimestre 2024

ANUNCIO

Aprobación de padrón fiscal

Mediante Decreto da Alcaldía de data do 13 de maio de 2024 aprobouse o padrón da taxa municipal de suministro de auga e canon da auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2024, por importe de 10.502,54 €, o cal se expón ao público, para a súa otificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo o padrón estará a disposición dos interesados a efectos de reclamacións.

A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán interpor os seguintes recursos:

1.- Reposición, perante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

2.- Contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición, se non o fose.

3.- Poderá interporse calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-co-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Vilarmaior, 13 de maio de 2024.

O ALCALDE,

Carlos Vázquez Quintián

2024/3273